

## Campamento Conciliación



### Requisitos:

- *Rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroadada. Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza. Terán dereito a acceder as persoas descendentes con proxenitores traballando en Arteixo.*
- *No caso de superar o número de prazas ofertadas procederase ao sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 12 de xuño ás 10 horas. Non será posible o acceso libre a este acto polas condicións derivadas no COVID19.*

### Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- *As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición a través de correo electrónico ([educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)) do 4 ao 11 de xuño. Deberán poñer no asunto campamento 2020*
- *Deberán adxuntar o impreso de solicitude e o impreso de declaración complementaria.*
- *Realizarase preinscrición para analizar necesidades das familias de cara á conciliación no período de verán.*
- *A execución do campamento e dos servizos asociados estará supeditado ás normativas derivadas do COVID 19 e directrices de seguridade.*

- *Valorarase individualmente a posibilidade de participación. Non se permitirá a participación de persoas que pertencen a grupos de risco ou que convivan con grupos de risco.*
- *Previo a formalización da praza de campamento, é obrigatoria a presentación polas familias da declaración responsable donde garantan que durante os 14 días previos á entrada no campamento a persoa participante non ten sufrido tos, fiebre, cansancio, malestar xeral e que non ten estado en contacto con persoa con dita sintomatoloxía.*
- *Dita declaración tamén incluírá que non se é grupo de risco nin se convive con persoas de risco.*
- *As familias deberán cumprir estrictamente todas as condicións e medidas que se lles indiquen como forma de protección da saúde de todas as persoas participantes.*  
*A tal efecto, realizarase charla inicial sobre cumprimento das medidas de seguridade vixentes e protocolo a seguir cada xornada.*
- *Reforzaranse as frecuencias de hixienización e a frecuencia de ventilación.*
- *O campamento realizarase en lugares abertos (na medida do posible) e con accesos controlados.*
  
- *Unha vez que se dispoña das preinscricións, contactarase coas familias para a concreción de todos os aspectos previo ao abonamento do prezo público.*

*Servizos ofertados* (supeditado ás autorizacións administrativas que correspondan):

- *Madrugadores (7:15 h a 10:00 h).*
- *Almorzo (inclúe madrugadores) (7:15 h a 10:00 h): organizarase según demanda existente de cara á aplicación de normativa.*
- *Campamento (10:00 h a 14:00 h): organizarase según demanda existente de cara á aplicación de normativa.*
- *Servizo de comedor (14:00 h a 16:00 h): servizo de catering si a normativa o permite.*
- *Transporte: o servizo funcionará dependendo da normativa de aplicación e das posibilidades de organización.*

- *Ludoteca (16:00 h a 17:30 h): este servizo porase en funcionamento si a demanda o aconsella e si as directrices de seguridade o permiten.*

*Requírese nº mínimo de participantes para a posta en funcionamento dos Servizos.*

Lugar de execución: *Instalación pública do término municipal*

Datas de execución:

<i>Data</i>	<i>Quenda</i>	<i>Nº de días</i>	<i>Prazas ofertadas</i>
<i>22 a 30 xuño (24 de xuño festivo autonómico)</i>	<i>1ª</i>	<i>6</i>	<i>36</i>
<i>1 a 15 xullo</i>	<i>2º</i>	<i>11</i>	<i>54</i>
<i>16 a 31 xullo</i>	<i>3ª</i>	<i>12</i>	<i>54</i>
<i>3 ao 14 agosto</i>	<i>4º</i>	<i>11</i>	<i>54</i>
<i>17 a 31 agosto</i>	<i>5ª</i>	<i>11</i>	<i>54</i>
<i>Setembro</i>	<i>Según data inicio curso</i>		<i>36</i>

Prezo público: *según o estipulado na ordenanza reguladora, sendo os custos para cada quenda os seguintes:*

<b>Quenda/ servizo</b>	<b>Madrugadores</b>	<b>Almorzo (inclúe madrugadores)</b>	<b>Campamento</b>	<b>Xantar</b>	<b>Ludoteca</b>
<b>1ª quenda</b>	9,00 €	15,00 €	24,00 €	24,00 €	9,00 €
<b>2ª Quenda</b>	17 €	27,50 €	44 €	44 €	17 €
<b>3ª Quenda</b>	18 €	30,00 €	48 €	48 €	18 €
<b>4ª Quenda</b>	17 €	27,50 €	44 €	44 €	17 €
<b>5ª Quenda</b>	17 €	27,50 €	44 €	44 €	17 €
<b>6ª quenda</b>	Por determinar según data de inicio do curso				

## Temática:

- *“A máquina do tempo” / “The Time Machine”: viaxe polo tempo chegando cada semana a un destino diferente da Historia (Cavernícolas e xurásico, Idade Media, os primeiros exploradores, Superviventes, a Era Dixital, Viaxe ao futuro).*

## Organización:

- *Organizaranse grupos reducidos cumprindo a normativa de aplicación.*
- *Estes grupos estarán constituídos preferentemente sempre polas mesmas persoas para reducir posibilidades de contaxios.*
- *As actividades diarias organizaranse según nº de participantes e adaptando os espazos. Optarase por un único punto de execución do campamento con suficiente amplitude para acoller participantes e manter distancias de seguridade.*  
*No caso de que pola demanda isto non sexa posible, optarase por realizar actividades en distintos centros municipais para facilitar as medidas de alonxamento.*
- *No caso de executarase de forma centralizada, acotaranse espazos que permitan o mantemento de distanciamento entre os grupos e entre as persoas dentro de cada grupo.*
- *O servizo de comedor só se executará si é posible aplicar todas as medidas de seguridade que se definan na normativa de aplicación.*  
*No caso de poder realizarse, tamén se definirán zonas de distanciamento, sistemas de hixienización e zonas de tránsito.*
- *No caso de que o servizo de transporte non se poida realizar, corresponderá ás familias o traslado da persoa participante nas condicións de seguridade que ao efecto se dicten.*
- *As familias deberán estar en disposición de recoller á persoa participante de forma inmediata no caso de que así se requira pola organización por razóns de seguridade.*
- *No caso de menores con NEE que polas súas características persoais presenten dificultades para participar nas actividades de grupo, contarase con monitorado de apoio que non realizará tarefas de carácter sanitario polas especiais condicións COVID19.*
- *O Concello de Arteixo resérvase o dereito á reorganización, adaptacións e/ou suspensión de servizos ou actividades si a situación sanitaria así o require.*